

V CERTAME ROSA, ROSAE

DEPARTAMENTO DE LATÍN DO IES FERNANDO BLANCO

DESTINATARIOS: alumnado que cursa a materia de Latín ou Grego no IES Fernando Blanco de Cee no curso 2022 - 2023. A participación pode ser individual ou en equipo.

LINGUAS: galego, castelán.

TEMA: A cólera de Aquiles (μῆνις)

No reparto dun botín Agamenón recibe a Criseida, filla dun sacerdote do deus Apolo. O deus desata unha matanza coas súas frechas entre os gregos. Un adivino culpa a Agamenón, quen de mala gana devolve a doncela pero arrebatada a Aquiles a súa parte do botín, a escrava Briseida. Isto provoca a primeira cólera en Aquiles, que abandona durante un tempo a guerra de Troia.

A segunda cólera é provocada pola morte de Patroclo a mans do príncipe troiano Héctor. Aquiles xura vinganza e, para satisfacción de Agamenón, volve á guerra.

A actuación consiste en reescribir a *Iliada* de Homero subliñando as emocións de gregos e troianos.

MODALIDADES:

1. Poema / relato. Máximo dúas páxinas DIN A4, entreliña sinxela, letra Times New Roman 12.
2. Cómic. Máximo catro páxinas DIN A4.
3. Podcast radiofónico ou vídeo dunha duración máxima de 5 minutos.

INSCRICIÓN: para participar no certame contactarase coa profesora de Latín que indicará a forma de entrega. A data límite de entrega é o 12 de abril.

PREMIO: un vale de 50 euros en cada modalidade para gastar en material escolar.

O premio pode non outorgarse se o xurado o considera oportuno. Tamén se pode conceder un accésit.

XURADO: tres profesores e/ou profesoras do IES Fernando Blanco. A decisión do xurado non poderá ser apelada.